

A TÁBOA PERIÓDICA MÁIS ANTIGA DE GALICIA?

BERMEJO, MANUEL R.

MANEIRO, MARCELINO

Departamento de Química Inorgánica, Universidade de Santiago de Compostela

RODRÍGUEZ GARCÍA, X. CARLOS

IES Lucus Augusti, Lugo

INTRODUCCIÓN

Vivimos nun País onde aos obxectos antigos non se lles da valor ningún e, como se consideran vellos/inservibles, tíranse ao lixo. Neste noso País, no mundo da ciencia, hai variadas Institucións que teñen máis de 170 anos de vida (algúns dos nosos IES pertencen a este grupo). Estes IES contan con material científico/histórico que deben ser conservados e postos en valor para que non se perda e poida ser coñecido polas novas xeracións que veñan.

Nesta comunicación pretendemos chamar a vosa atención sobre o moito e valioso material científico que pode existir nos vosos centros, e ao que non se lle da valor ningún, para que evitades que se perda. Pedímosvos, desde esta ponencia, que vos convertades en gardiáns dese prezado material. Tedes a obriga de gardalo para a posterioridade esperando que, algún día, teñamos cartos dabondo como para transformar ese material morto hoxe, nun museo vivo en cada un dos vosos centros, orgullo de todos vós e de todos nós. Mentres tanto chegue ese día, conseguide que non se perda ningunha peza das existentes; evitade que, algúns desaprensivos, as leven para a súa casa por considerar que son “*antigas e bonitas*” e que quedarían ben no seu salón.

Como sempre coa intención de **Instruír, Divertir e Educar**, imos presentar nesta comunicación unha peza que consideramos única: unha Táboa Periódica existente no IES Lucus Augusti. Pretendemos dala a coñecer e reflexionar sobre unha posible data de edición e, ao mesmo tempo, pretendemos afondar máis nun mellor coñecemento sobre a historia viva da Táboa Periódica.

Este XXXIII Congreso vén sendo un remate prolongado do Ano Internacional da Táboa Periódica, polo que nos pareceu oportuno facer unha presentación da que, para os autores, pode ser a máis antiga táboa periódica das existentes no noso País.

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E METODOLÓXICA

Para fixar unha posible datación para a táboa periódica analizaremos a presenza ou non do grupo 0 na táboa, a presenza ou ausencia dos elementos cripton e argon nas mesmas, o número de elementos químicos lantanoides presentes, e finalmente o estudo dos elementos químicos que se integran nas táboas de masas atómicas.

DESENVOLVEMENTO

Nesta comunicación presentarase:

1. Os antecedentes da táboa do IES Lucus Augusti
2. Unha moi breve historia das táboas periódicas
3. Un estudo da datación da táboa periódica do IES Lucus Augusti

CONCLUSIÓNS

Esta comunicación pretende abrir unha vía de comunicación que nos permita dar a coñecer e poñer en valor todo canto material científico teñades nos vosos centros. Sería moi interesante que, nos vindeiros congresos nosos, traiaades algunhas desas pezas que consideredes valiosas dos vosos centros para, logo do seu estudo, mostralas a todos nós.

REFERENCIAS

VV.AA. (2019). *Boletín das Ciencias*, nº 87.

Bermejo, M. R. (1999). O Nome e o símbolo dos elementos químicos. *Revista Galega do Ensino*, 23, 91-111.

Bermejo, M. R. et al. (1999). A nomenclatura química na Historia. En *XII Congreso de ENCIGA* (Gondomar), *Boletín das Ciencias*, 40, 83-86 e referencias citadas.

Bermejo, M. R. et al. (2006). *O nome e o símbolo dos elementos químicos*. Ed. Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

Bermejo, M. R., González Noya, A. e Maneiro, M. (2015). Que coñecemos dos elementos químicos novísimos. *Boletín das Ciencias*, 80, 49-65 e referencias citadas.

Bermejo, M. R., González Noya, A. e Maneiro, M. (2018). *Guía dos elementos químicos*. Ed. Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

Bermejo, M. R. e Cid, R. (2019). Día da Ciencia en Galicia 2019: Tomás Batuecas Marugán. *Unidade Didáctica, Consello da Cultura Galega*.

Bermejo, M. R. et al. (2019). A IUPAC na axuda da confesión do sistema periódico. *Boletín das Ciencias*, 87, 103-115 e bibliografía citada.

Lavoisier, A. L. (2009). *Tratado Elemental de Química*. Prólogo, M. R. Bermejo; tradución, S. Casas Fernández e M. V. Castaño Palazón. Madrid: Fundación BBVA; Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e Intercambio Científico.